



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Técnicas Económicas	Código	611532003	
Titulación	Máster Universitario en Economía			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Mourelle Espasandin, Estefania	Correo electrónico	estefania.mourelle@udc.es	
Profesorado	Mourelle Espasandin, Estefania	Correo electrónico	estefania.mourelle@udc.es	
Web	https://ecobas.gal/equipo/?_sf_s=mourelle			
Descrición xeral	<p>Esta materia ten como principal fin que o estudante adquira as competencias necesarias para detectar cando e como aplicar as técnicas econométricas necesarias para o estudo de situacións e casos con datos reais no eido da economía. O obxectivo reside, por tanto, en que o estudante sexa capaz de extraer a información relevante das variables económicas e as súas interrelacións a través de diferentes tipos de análises e ferramentas, o cal lle permitirá comprender patróns de comportamento e efectuar as pertinentes valoracións. Asimesmo, preténdese que o estudante sexa crítico na avaliación do contexto económico e dos traballos que neste contexto deba avaliar.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Conocimiento de las herramientas matemáticas, estadísticas y econométricas necesarias para manejar con rigor los modelos económicos
A3	CE3 - Manejo de las técnicas econométricas actuales.
A4	CE4 - Capacidad para modelar situaciones económicas concretas y obtener resultados con datos numéricos aplicando las técnicas econométricas pertinentes.
A8	CE8 - Analizar y proponer cambios en el diseño de las organizaciones y de los sistemas de incentivos que mejoren el funcionamiento de los mismos en tener de su eficiencia.
A10	CE10 - Participar en grupos de trabajo interdisciplinarios ligados al estudio de las tendencias socio- económicas de largo plazo.
A12	CE12 - Analizar las ventajas y los inconvenientes de la regulación y de las políticas económicas y proponer alternativas.
B2	CB7 - Que los estudiantes sepan aplicar los conocimientos adquiridos y su capacidad de resolución de problemas en entornos nuevos o poco conocidos dentro de contextos más amplios (o multidisciplinares) relacionados con su área de estudio.
B5	CB10 - Que los estudiantes posean las habilidades de aprendizaje que les permitan continuar estudiando de un modo que habrá de ser en gran medida autodirigido o autónomo.
B7	CG2 - Capacidad de concebir, diseñar y poner en práctica un proceso sustancial de investigación en el campo de la economía en general, y en particular en sus áreas de especialización, con rigor académico.
B12	CG7 - Capacidad para presentar y defender con rigor, claridad y precisión nuevas ideas tanto en el entorno habitual de trabajo como en reuniones científicas nacionales o internacionales.
C4	CT4 - Capacidad para interaccionar y defender con rigor, claridad y precisión ante otros especialistas trabajos, propuestas, nuevas ideas etc.
C5	CT5 - Comunicación oral e escrita.
C9	CT9 - Destrezas para investigar.
C10	CT10 - Capacidad de análisis y síntesis.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



<p>SABER:</p> <p>Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico.</p> <p>Adquirir habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e do seu contido.</p> <p>Ser capaz de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos.</p> <p>Evaluar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas.</p> <p>SABER FACER:</p> <p>Fomentar a actitude crítica e autocrítica.</p> <p>Ter capacidade para xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos.</p> <p>Autocontrol no sistema de traballo, con respecto a tempo e planificación.</p> <p>Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos.</p> <p>Adquirir competencias ligadas á procura de organización de documentación e á presentación do traballo de forma axeitada á audiencia.</p> <p>Ler e comunicarse en inglés no eido profesional.</p> <p>Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico.</p> <p>Respeto aos valores éticos e cívicos.</p> <p>Compromiso ético co traballo.</p> <p>Capacidade para traballar en equipo.</p> <p>Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos.</p> <p>Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto de forma oral como escrita.</p>	<p>AM1</p> <p>AM3</p> <p>AM4</p> <p>AM8</p> <p>AM10</p> <p>AM12</p>	<p>BM2</p> <p>BM5</p> <p>BM7</p> <p>BM12</p>	<p>CM4</p> <p>CM5</p> <p>CM9</p> <p>CM10</p>
---	---	--	--

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Modelos lineais e non lineais	<p>1.1. Linealidade e non linealidade.</p> <p>1.2. Transformación das variables.</p> <p>1.3. Modelos con variables de interacción.</p> <p>1.4. Regresión non lineal.</p>
Tema 2.- Problemas de especificación e problemas de datos	<p>2.1. Especificación do modelo.</p> <p>2.2. O problema dos datos.</p> <p>2.3. Efectos da omisión e inclusión de variables.</p> <p>2.4. Contrastes de especificación.</p>
Tema 3.- O efecto do tempo nos modelos econométricos	<p>3.1. Procesos estocásticos.</p> <p>3.2. Funcións de autocorrelación.</p> <p>3.3. Modelización lineal univariante.</p> <p>3.4. Estacionariedade. Contrastes de raíces unitarias.</p> <p>3.5. Cointegración.</p> <p>3.6. Regresións espurias.</p> <p>3.7. Introducción a modelos VAR.</p> <p>3.8. Aplicacións empíricas con software econométrico.</p>
Tema 4.- Modelos heterocedásticos: avaliando o risco	<p>4.1. Introducción a modelos ARCH e GARCH.</p> <p>4.2. Aplicacións empíricas con software econométrico.</p>
Tema 5.- Regresores estocásticos: métodos de estimación dos momentos e variables instrumentais	<p>5.1. Modelos con regresores estocásticos.</p> <p>5.2. Variables instrumentais.</p> <p>5.3. Método xeralizado de momentos.</p>
Tema 6.- Manexo de distintos paquetes econométricos (aplicable a temas 1, 2 e 5).	Manexo de distintos paquetes econométricos.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	A4 A1 A3 B2 B5 B7 B12 C9	12	25	37
Sesión maxistral	A4 A1 A3 A8 A12 B2 B5 B7 C5 C9 C10	12	20	32
Traballos tutelados	A4 A1 A3 A8 A12 B2 B5 B7 B12 C4 C5 C9 C10	0	30	30
Aprendizaxe colaborativa	A4 A1 A3 A8 A10 A12 B2 B5 B7 B12 C4 C5 C9 C10	0	25	25
Obradoiro	A4 A1 A3 A8 B2 B7 C4 C5	5	1	6
Análise de fontes documentais	A4 A1 A3 B2 B5 C5 C9 C10	0	4	4
Proba obxectiva	A4 A1 A3 A8 A12 B2 B5 B7 B12 C4 C5 C10	2	13	15
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Os estudantes deben realizar, co apoio e a dirección do docente, as aplicacións empíricas que se lles propoñan. Todas as horas son presenciais.
Sesión maxistral	Exposición oral, apoiada en medios audiovisuais, que inclúe conceptos teóricos e exemplos prácticos. Todas as horas son presenciais.
Traballos tutelados	Os estudantes deben levar a cabo, baixo tutela, traballos e/ou exercicios con datos reais aplicando as técnicas que se lles ensinaron no curso. Todas as horas son presenciais.
Aprendizaxe colaborativa	Traballo conxunto do alumnado, organizado en grupos, na resolución de tarefas asignadas polo profesor para optimizar tanto a súa propia aprendizaxe como a dos restantes membros do grupo. Todas as horas son presenciais.
Obradoiro	Nestas clases o obxectivo principal é a realización de tarefas eminentemente prácticas, co apoio e supervisión do docente: proposición e resolución de aplicacións da teoría, problemas, exercicios, exposicións, debates e comentarios de traballos, etc. Pódense expor as dúbidas ou dificultades coas que se atopan os estudantes en relación ás distintas actividades de avaliación (individuais ou en grupo). Desta forma se crea un debate entre os estudantes, os seus compañeiros e o docente, o cal fomenta a interrelación no traballo e o espírito crítico. Con todo, tamén o profesor pode expor conceptos, exposición enfocada principalmente a deixar clara a súa aplicación, ou, en todo caso, como simple comentario da sesión maxistral. Todas as horas son presenciais.
Análise de fontes documentais	Con esta análise preténdese que o estudante conecte o aprendido na clase sobre unha determinada técnica econométrica e a súa aplicación empírica materializada en documentos de investigación; noutras palabras, o obxectivo é que o estudante comprenda a utilidade real da técnica aprendida a través da procura de documentos de traballo e artigos científicos que fixeron uso dela con datos reais. Asimesmo, esta actividade permite comprobar tanto a capacidade de análise como a de síntese do estudante. Todas as horas son presenciais.



Proba obxectiva	Proba para avaliar a capacidade que o estudante ten para assimilar os conceptos e interrelacionalos. Tamén mide a súa capacidade para identificar problemas e avaliar a súa resolución. Todas as horas son presenciais.
-----------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC Traballos tutelados Obradoiro	* Prácticas a través de TIC Para a realización destas actividades os estudantes precisan o asesoramento e, no seu caso, a dirección do docente. * Traballos tutelados Os estudantes deben levar a cabo, baixo tutela, traballos e/ou exercicios con datos reais aplicando as técnicas que se lles ensinaron no curso. * Obradoiro Nestas clases pódense expor as dúbidas ou dificultades coas que se atopan os estudantes en relación ás distintas actividades de avaliación (individuais ou en grupo).

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A4 A1 A3 B2 B5 C5 C9 C10	Exercicio individual	15
Proba obxectiva	A4 A1 A3 A8 A12 B2 B5 B7 B12 C4 C5 C10	Exame escrito	50
Aprendizaxe colaborativa	A4 A1 A3 A8 A10 A12 B2 B5 B7 B12 C4 C5 C9 C10	Traballo en grupo	35

Observacións avaliación



No curso académico 2024/2025, a materia dividirase en dúas partes interconectadas. A primeira delas será impartida por docentes da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e terá lugar tamén en primeiro lugar no tempo. Con información de xullo de 2024, esta primeira parte correspondería aos temas 1, 2 e 5. A segunda parte (temas 3 e 4) sería impartida pola docente da Universidade da Coruña (UDC).

A avaliación da materia respectará a porcentaxe do 50% outorgada a actividades de avaliación continua e o 50% para a proba obxectiva ou exame. Os docentes de cada unha das partes levarán a cabo as súas propias actividades de avaliación, tanto continua como proba obxectiva. Así, os docentes da USC desenvolverán as actividades de avaliación continua que estimen pertinentes en relación á parte da materia que imparten, e a correspondente proba obxectiva; as primeiras actividades ponderarán un 50% e, a segunda, outro 50%. De xeito similar, a docente da UDC levará a cabo actividades de avaliación continua de dous tipos (ver cadro) en relación aos temas que imparte, e unha proba obxectiva relativa únicamente a esta parte.

A cualificación final do estudante será o resultado de ponderar as cualificacións obtidas en cada unha das partes (50% cada unha delas).

No caso da segunda oportunidade de avaliación, e coa fin de garantir a posibilidade de superación da materia consonte ás "Normas de avaliación, revisión e reclamación das calificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" establecidas pola UDC, o/a estudante poderá repetir tanto a actividade de proba obxectiva ou exame (ponderación, 50%) como as actividades da análise de fontes documentais (ponderación, 15%) e a aprendizaxe colaborativa (35%) referidas ao segundo bloque da materia. Para a primeira actividade existe unha data oficial de exame, mentras que para as dúas restantes se establecerá un procedemento de realización (e adaptación das mesmas) e entrega antes do comezo deste período de avaliación. Igualmente, o/a estudante debe coñecer que as calificacións obtidas nestas actividades na segunda oportunidade de avaliación substitúen a todos os efectos as acadadas na primeira oportunidade, de ser o caso.

Importante: as actividades de avaliación continua específicas que figuran no cadro (exercicio e traballo) son exclusivas da parte que imparte a docente da UDC.

Outras observacións

Todos os aspectos relacionados coa dispensa académica, a dedicación ao estudo, as normas de permanencia e a fraude académica rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC (<https://www.udc.es/gl/normativa/academica/>).

Fontes de información

Bibliografía básica	- Espasa, A.; Canelo, J. R. (eds., 1993). Métodos cuantitativos para el análisis de la coyuntura económica. Alianza Editorial: Madrid.- Franses, P. H. (2014). Time series models for business and economic forecasting, 2nd edition. Cambridge University Press: Cambridge.- Hansen, B. E. (2021). Introduction to Econometrics. Department of Economics: University of Wisconsin. (Ligazón: http://web.econ.keio.ac.jp/staff/hk/ecm2/resume/Hansen21Probability.pdf)- Harvey, A. C. (1990). The Econometric Analysis of Time Series, 2nd edition. MIT Press: Cambridge. - Maddala, G. S. (1977). Econometrics. Mc Graw-Hill: Nova York. - Ullah, A.; Giles, D. E. A. (eds., 1998). Handbook of Applied Economic Statistics. Marcel Dekker: Nova York. Nota. Na medida en que sexa posible, facilitarase e comunicarse ao estudantado a dispoñibilidade destas e outras fontes de información en formato dixital.
Bibliografía complementaria	- Hansen, B. E. (2021). Econometrics. Department of Economics: University of Wisconsin. (Ligazón: https://www.ssc.wisc.edu/~bhansen/econometrics/Econometrics.pdf)- Wooldridge, J. M. (2010). Introducción a la econometría. Un enfoque moderno, 4a. edición. Cengage Learning Editores: México D. F. (Ligazón: https://herioscarlanda.files.wordpress.com/2018/10/wooldridge-2009-introduccion3b3n-a-la-econometria3ada-un-enfoque-moderno.pdf)

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Métodos Cuantitativos/611532004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Microeconomía Avanzada/611532028

Macroeconomía avanzada/611532029

Materias que continúan o temario

Econometría Avanzada/611532027



Observacións

Para

cursar a materia é aconsellable posuir coñecementos de Econometría (cando menos a un nivel introductorio). En todo caso, homoxeneizaranse na medida do posible os niveis de inicio de existir disparidade no estudiantado. Asimesmo, recoméndase posuir coñecementos de inglés, especialmente na comprensión lectora, xa que unha parte importante do material que se facilitará ao/á estudante está nesta lingua. Igualmente, e de cara a colaborar no desenvolvemento dunha Facultade máis sustentable, se sinala o seguinte: 1. A entrega dos traballos documentais de avaliación continua que se realicen nesta materia solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático, sen necesidade de impresión. 2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías